



Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

ACTA NÚM. 03/2016 DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA VECIÑAL DA ENTIDADE LOCAL MENOR DE CHENLO O DÍA 03 DE MAIO DO 2016.

Na sala de sesións da sede da Entidade Local Menor de Chenlo, concello do Porriño, provincia de Pontevedra, sendo ás quince horas e trinta e cinco minutos do día tres de Maio do ano dous mil dezaseis, reúnen a Xunta Veciñal da Entidade Local Menor de Chenlo baixo a presidencia do Alcalde Pedáneo D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO, co obxecto de levar a efecto sesión extraordinaria en primeira convocatoria.

Asisten os seguintes vocais:

- D. FRANCISCO DOMÍNGUEZ DOMÍNGUEZ (P.P.).
- D. DANIEL GONZÁLEZ PÉREZ. (P.P.).
- D. JACOBO ALONSO IGLESIAS. (P.P.).
- D. JOSE LUÍS FERNÁNDEZ VÁZQUEZ. (PSdeG-PSOE).

Asiste tamén a Interventora da Entidade D^a. M^a Dolores Miguélez Casás.
Actúa como Secretario Manuel Cudeiro Mazaira.

Aberta a sesión pola Presidencia, pasase a tratar os seguintes asuntos da orden do día:

1. ACTA Nº 02/2016 DE DATA 01-03-2016.

Non habéndose formulado observación algunha a acta número 02/2016 de data 01-03-2016, considéranse aprobada cos votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSdeG-PSOE).

2. DACIÓN DE CONTA DA LIQUIDACIÓN DO EXERCICIO 2015 E DO INFORME DE INTERVENCIÓN DA EVALUACIÓN DA ESTABILIDADE E REGRA DE GASTO.

A Presidencia dá conta do Decreto da Alcaldía Pedanía, de data 29-2-2015 polo que se aproba a liquidación de 2016 e o estado de remanente de tesourería, quedando esta Xunta enterada.

3. DACIÓN DE CONTA DE ENVÍO DA EXECUCIÓN ORZAMENTARIA DO PRIMEIRO TRIMESTRE 2016.

A Presidencia dá conta do envío da execución orzamentaria do primeiro trimestre do 2016 a través da plataforma informática virtual das Entidades Locais do Ministerio de Facenda e Administracións Públicas, quedando esta Xunta enterada.

4. DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA PEDANÍA.

A Presidencia dá conta da relación sucinta de resolucións ditadas pola Alcaldía Pedanía, desde o día 1-3-2016 ata o día 3-5-2016, quedando esta Xunta enterada.

5. CONTROL POLÍTICO DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

A) MOCIÓN.

O vocal Sr. Fernández Vázquez (PSdeG-PSOE) presenta por escrito a seguinte moción que do teor seguinte:

“MOCION DEL GRUPO MUNICIPAL SOCIALISTA RELATIVA A LA CREACION DE UNA COMISIÓN DE TRABAJO PARA LA INTEGRACIÓN DE CHENLO EN EL DISEÑO DEL NUEVO MAPA DE LINEAS DE TRANSPORTE DE AUTOBUSES INTEGRADAS EN EL NUEVO ÁREA METROPOLITANA DE VIGO

Históricamente los vecinos de Chenlo siempre hemos tenido que tirar del transporte privado, por falta de una red de transporte público que enlazará el núcleo urbano de Porriño con Chenlo, y a su





Entidad Local Menor de Chenlo

CN.º R.E. 0436003
C.I.F. P-3600012-C

R. Cales s/n.
36414 PORRIÑO
(Pontevedra)
TÉLF.: 608 88 62 22

vez este con la zona de red de transporte Vitrassa (ue se encuentra a 5 km) de esa manera se podría acceder con la línea de transportes para acercarse a Vigo y cubrir de esa manera las necesidades vecinales.

La línea podría transcurrir desde Porriño, pasando por Torneiros, Pontellas, Mosende, llegando a Chenlo y de aquí a Herville para enlazar con la red de Vitrassa (para acceder a Vigo)...de esta manera se beneficiarían muchos vecinos, cubriendo con casi toda seguridad los costes de la línea.

Que se hagan las distancias cortas entre las parroquias es una cosa tan importante que depende mucho de la red de transporte que tiene un pueblo, por eso hay que apostar por fomentar un transporte público, eficaz y accesible. Un transporte público que garantice la accesibilidad o penetración hasta los puntos de destino, que ofrezca un servicio de calidad, cómodo y con una velocidad comercial competitiva, y cuyo funcionamiento este orientado a la satisfacción de las necesidades ciudadanas.

MOCIÓN:

El Partido Socialista de Chenlo solicita la aprobación por parte de los representantes de los vecinos de Chenlo, de proponer la creación, de forma inminente, de una Comisión de Trabajo con representación de los Grupos Políticos Municipales de la Entidad Local menor de Chenlo, junto con representantes municipales del Concello de Porriño, representantes del área metropolitana de Vigo, y los comités de empresa de las empresas concesionarias del transporte público que van a estar integradas en el área metropolitana, con el objeto de establecer un diagnóstico de las necesidades que en materia de movilidad requiere la Entidad de Chenlo, con el objeto de establecer las bases para conseguir, de una vez por todas, un transporte público en Chenlo que acabe con el aislamiento histórico de movilidad a la que los vecinos nos hemos visto sometidos .”

O Presidente somete a votación ordinaria a declaración de urgencia da moción quedando aprobada cos votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSdeG-PSOE).

Seguidamente a Presidencia somete a votación ordinaria a moción anteriormente transcrita resultando aprobada cos votos favorables da UNANIMIDADE dos cinco membros desta Xunta Veciñal (4 do P.P. e 1 do PSdeG-PSOE).”

B) ROGOS E PREGUNTAS. (non se formulan).

Non habendo máis asuntos de que tratar, o Sr. Presidente levanta a sesión, cando son as quince horas e cincuenta e cinco minutos do día u supra. Dou fe.

